

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento legislativo e a execución da legislación básica do Estado en materia de seguridade social.

Mediante o Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (Insero) da seguridade social.

Pola outra banda, a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, actualmente derogada, atribuíalle aos servizos sociais de atención especializada na área de actuación da discapacidade a elaboración de programas de valoración, diagnóstico e cualificación da discapacidade, e a actual Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece como competencia da Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos servizos sociais especializados, así como a valoración técnica das situacións que determinen o recoñecemento do dereito aos servizos e prestacións esenciais de carácter material ou económico, determinando como unha das funcións dos servizos sociais especializados a de valorar, diagnosticar e intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica e, normalmente, interdisciplinar.

O 26 de xaneiro de 2000 publicouse no BOE o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, modificado polo Real decreto 1169/2003, do 12 de setembro, polo Real decreto 1856/2009, do 4 de decembro, e polo Real decreto 1364/2012, do 27 de setembro, que establece no seu artigo 6 a competencia das comunidades autónomas con funcións transferidas na materia para o recoñecemento do grao de discapacidade, así como para a determinación da necesidade de axuda de terceira persoa e da dificultade para utilizar transportes públicos colectivos, para efectos das prestacións, servizos ou beneficios públicos establecidos.



No ámbito autonómico, o 23 de xaneiro de 2001 publícase a Orde do 29 de decembro de 2000 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, en desenvolvemento do citado Real decreto 1971/1999.

En desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, dítase o Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia e que estableceu un novo instrumento de valoración da necesidade do concurso doutra persoa no recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade, derogando o anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro. Esta modificación normativa na determinación da necesidade do concurso de terceira persoa é posteriormente recollida no Real decreto 1364/2012, establecendo que esta se realizará mediante a aplicación do baremo establecido conforme o disposto no artigo 27.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e actualmente recollido no Decreto 174/2011.

O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que derroga por integrarse no dito texto refundido a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas con discapacidade, a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, e a Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, establece no seu artigo 12.3 as funcións dos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

Neste senso, con obxecto de adaptarse aos últimos cambios normativos e co obxectivo de garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade, a coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia, especialmente no referente á coordinación necesaria co procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia, así como a implementación dos medios técnicos actuais de cara á implantación de escenarios de tramitación electrónica, e así consolidar os dereitos das persoas con discapacidade, faise preciso aprobar unha nova norma.

A presente orde consta de 26 artigos, agrupados en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.



No capítulo I, dividido en tres seccións, regúlanse o obxecto e ámbito de aplicación desta orde e as competencias e funcións do persoal técnico de valoración da discapacidade e do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade.

No capítulo II, dividido en cinco seccións, regúlase o procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade nas súas fases de iniciación, instrución e terminación, establecendo unha regulación específica na sección 5ª para supostos especiais.

No capítulo III regúlase a revisión da cualificación do grao de discapacidade.

Nas disposicións adicionais a esta orde regúlase o acceso á historia clínica por parte dos/as técnicos de valoración da discapacidade e a coordinación dos procedementos.

En consecuencia, no exercicio das atribucións conferidas segundo o artigo 38 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como segundo o disposto no artigo 6 e concordantes do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, e polo artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

Sección 1ª. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten como obxecto regular o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo*

1. Poderán solicitar o recoñecemento do grao de discapacidade aquelas persoas de nacionalidade española que residan nun municipio da Comunidade Autónoma e que cumpran os demais requisitos que se establecen nesta orde.



2. Así mesmo, poderán solicitar o recoñecemento do grao de discapacidade as persoas de nacionalidade española residentes no estranxeiro e as persoas estranxeiras residentes en Galicia segundo o procedemento establecido nos artigos 23 e 24 respectivamente.

Sección 2ª. Persoal técnico de valoración da discapacidade

Artigo 3. Persoal técnico de valoración da discapacidade

1. O persoal profesional técnico de valoración da discapacidade dependerá funcional e organicamente da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais.

2. O persoal técnico de valoración da discapacidade será persoal profesional con perfil social e sanitario que se determinará na correspondente relación de postos de traballo na estrutura administrativa da respectiva xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Artigo 4. Funcións do persoal técnico de valoración da discapacidade.

Serán funcións do persoal técnico de valoración da discapacidade:

- a) Realizar o recoñecemento das persoas solicitantes da valoración da discapacidade.
- b) Examinar os factores sociais complementarios relativos, entre outros, ao contorno familiar e situación laboral, educativa, cultural e de accesibilidade á comunicación e á información, que dificulten a súa integración social, de acordo co informe social unificado e o resto de documentación que se acompañe no expediente, e, se for o caso, a súa elaboración.
- c) Solicitar informes e/ou probas complementarias necesarias para cubrir a súa valoración.
- d) Informar, orientar e asesorar as persoas con discapacidade e familiares que o soliciten.
- e) Elaborar os informes técnicos, referentes ao diagnóstico, valoración e orientación de situacións de discapacidade, que lles sexan requiridos pola xefatura territorial correspondente.



f) Aquelas funcións referentes ao diagnóstico, valoración e orientación, de situacións de discapacidade atribuídas ou que poidan atribuírse, pola lexislación, tanto estatal como autonómica, así como a través das oportunas instrucións do órgano superior con competencia en materia de valoración da discapacidade.

Sección 3ª. Órgano de valoración e asesoramento da discapacidade

Artigo 5. Ámbito do órgano territorial de valoración e asesoramento da discapacidade

1. O órgano de valoración e asesoramento da discapacidade, órgano colexiado, estará adscrito á correspondente xefatura territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais.

2. Existirá, como mínimo, un órgano de valoración e asesoramento da discapacidade por cada unha das áreas de valoración provinciais adscritas ás xefaturas territoriais.

Por cada xefatura territorial existirá, como mínimo, unha área de valoración correspondente ao ámbito provincial respectivo; de ser necesario, poderán establecerse varias áreas de valoración provinciais.

Artigo 6. Composición e funcionamento do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade

1. De conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, cada órgano de valoración e asesoramento estará integrado por profesionais con perfil social e sanitario nomeados pola persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais, de entre o persoal profesional técnico determinado na correspondente relación de postos de traballo na estrutura administrativa da respectiva xefatura territorial. Así mesmo, a persoa titular da sección administrativa determinada na correspondente relación de postos de traballo formará parte do órgano de valoración e asesoramento na súa condición de membro nato do dito órgano.

2. Cada órgano de valoración e asesoramento terá unha composición mínima dun/dunha profesional médico/a, un/unha psicólogo/a e un/unha traballador/a social, e poderá ser integrado, a maiores, por outro persoal técnico da xefatura territorial con perfil social e sanitario.



3. Unha vez nomeados pola persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais, esta convocará a primeira reunión daquel co obxecto da súa constitución formal, elixir de entre os membros a súa presidencia por maioría de votos e fixar o seu réxime de funcionamento e a periodicidade das sesións. A este respecto, o órgano de valoración reunirse como mínimo cunha periodicidade semanal.

4. En cada órgano de valoración existirá un/unha presidente/a.

Correspóndelle á persoa titular da presidencia do órgano:

- a) Representar o órgano.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar os acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de persoa titular da presidencia do órgano.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, a persoa titular da presidencia será substituída polo membro do órgano de valoración de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre as persoas que o compoñen.

5. O órgano de valoración terá un/unha secretario/a que poderá ser membro do propio órgano ou persoal empregado público ao servizo da xefatura territorial correspondente.

Correspóndelle á persoa titular da secretaría:

- a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto se non é membro do órgano, e con voz e voto se é membro deste.



b) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

c) Cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de persoa titular da secretaría.

6. Nos demais aspectos relativos a organización e réxime de funcionamento do órgano de valoración que non se regulan expresamente neste artigo, seguirase o disposto na sección III, capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

7. Na composición do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade procurárase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 7. *Funcións do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade*

O órgano de valoración e asesoramento da discapacidade ten como funcións:

a) A realización dos ditames técnico-facultativos para a cualificación do grao de discapacidade, revisión deste por agravamento ou melloría e para a determinación do prazo a partir do cal se poderá revisar o grao de discapacidade nos termos previstos no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro.

b) Determinar o grao de discapacidade e valoración das diferentes situacións exixidas para ter dereito ás prestacións sociais e económicas previstas no Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema de prestacións previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de persoas con discapacidade, na actualidade derogada pola súa inclusión no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

c) Determinar o grao de discapacidade, así como a necesidade de concurso doutra persoa, para os efectos das prestacións de invalidez na súa modalidade non contributiva e protección familiar por fillo ou filla a cargo con discapacidade, reguladas no Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

d) Determinar a existencia de dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos así como ditaminar sobre a mobilidade reducida permanente, certificar sobre o



cumprimento dos requisitos que dan acceso ás tarxetas de accesibilidade e sobre o acceso aos diferentes servizos e prestacións para os efectos previstos na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da dita lei.

e) Solicitar informes e/ou probas complementarias que avalen a valoración do persoal técnico ou sexan necesarios no cumprimento das súas funcións.

f) Emitir os ditames técnico-facultativos previstos na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, en relación con situacións de discapacidade.

g) Emitir ditames técnicos normalizados sobre as deficiencias, as limitacións para realizar actividades e as barreiras na participación social, recollendo as capacidades e habilidades para as cales a persoa necesita apoios.

h) Emitir os informes de compatibilidade co posto de traballo para o desempeño por parte das persoas que teñan a condición de persoas con discapacidade segundo o artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

i) Emitir os informes de adecuación de tempo e medios pola participación de persoas con discapacidade en probas selectivas.

l) A orientación para a habilitación e rehabilitación, con pleno respecto á autonomía da persoa con discapacidade, propoñendo as necesidades, aptitudes e posibilidades de recuperación, así como o seguimento e revisión.

m) Prestar asistencia técnica e asesoramento á consellería con competencias en materia de servizos sociais e ás súas xefaturas territoriais nos procedementos contenciosos en que sexan parte, por requirimento da xefatura territorial correspondente.

n) Cantas outras lle sexan asignadas referentes ao diagnóstico, valoración e orientación, de situacións de discapacidade atribuídas ou que se poidan atribuír pola lexislación, tanto estatal como autonómica, así como a través das oportunas instrucións e/ou circulares do órgano superior con competencia en materia de valoración da discapacidade.



CAPÍTULO II

Procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade*Sección 1ª. Normas comúns sobre o procedemento***Artigo 8. Prazo para resolver o procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade**

O procedemento para o recoñecemento do grao discapacidade resolverase no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente.

Artigo 9. Silencio administrativo

No suposto do vencemento do prazo máximo establecido sen ditarse resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga da Administración de resolver expresamente.

Artigo 10. Desistencia e renuncia

1. En calquera fase do procedemento a persoa solicitante ou, se é o caso, quen exerza a súa representación, poderá desistir da súa petición ou ben renunciar aos dereitos recoñecidos nunha resolución previa.

2. A desistencia ou a renuncia formularanse por escrito, por calquera outro medio que permita a súa constancia ou mediante a comparecencia da persoa lexitimada nas dependencias da xefatura territorial competente en materia de servizos sociais.

Neste último suposto, o órgano competente cubrirá a oportuna dilixencia, que deberá ser asinada pola persoa interesada.

3. Formalizada a desistencia ou a renuncia, archivarase a solicitude e porase fin ao expediente de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Sección 2ª. Iniciación***Artigo 11. Solicitude e lugar de presentación**

1. O procedemento iniciarase por instancia da persoa interesada ou de quen desempeña a súa representación, conforme o modelo que figura no anexo I.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel, no rexistro do concello a que correspondan os servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. O/a interesado/a, ou o seu representante, poderá autorizar expresamente o/a traballador/a social de referencia para a presentación electrónica da solicitude e da demais documentación que a debe acompañar, así como para a presentación da demais documentación necesaria derivada deste procedemento en canto a emendar ou xuntar os documentos preceptivos e demais documentación complementaria que se considere para o efecto.

Neste suposto deberá acreditarse a representación expresa para a presentación da solicitude por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do/da interesado/a perante un/unha funcionario/a da Administración en cuxo rexistro se presente a solicitude, segundo o modelo do anexo III a esta orde. Unha vez presentada a solicitude as actuacións practicaranse co/ca interesado/a ou co/ca representante que designe para o efecto.

4. As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais correspondente á provincia en que a persoa solicitante teña a súa residencia habitual.

Artigo 12. *Documentación que achegará o interesado xunto coa solicitude*

1. Á solicitude deberá xuntar a seguinte documentación:

a) Copia cotexada do DNI ou NIE da persoa solicitante, no caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor a consultar os datos de identidade da persoa solicitante



no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cando a persoa solicitante sexa un menor de idade, copia compulsada do libro de familia, que inclúa a folia en que apareza o nome da persoa solicitante, no caso de non posuír DNI.

b) Certificado de empadramento emitido polo concello correspondente que acredite a residencia do/a interesado/a nun municipio da Comunidade Autónoma no momento de presentar a solicitude, no caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

c) No caso de persoas interesadas estranxeiras deberase achegar copia compulsada do permiso legal de residencia.

d) Acreditación da representación que se ten da persoa solicitante, se é o caso, segundo o modelo do anexo II, e copia compulsada do DNI/NIE da persoa representante, no caso de que non autorice o órgano xestor para consultar os datos de identidade.

e) Copia compulsada dos informes médicos ou psicolóxicos, emitido/s por un profesional do Servizo Galego de Saúde, doutras administracións públicas que traten habitualmente a persoa solicitante ou de entidades concertadas ou conveniadas coa Seguridade Social ou réximes especiais, conforme o modelo do anexo IV, que avalen as deficiencias alegadas.

No caso de revisión por agravamento ou melloría deberase achegar copia compulsada dos informes que acrediten o dito agravamento ou melloría.

Así mesmo, poderanse presentar, co carácter de informes complementarios, outros informes médicos ou psicolóxicos que avalen as deficiencias alegadas.

f) No caso de solicitar valoración dos factores sociais complementarios, informe social emitido polo/pola traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da



persoa solicitante e, se é o caso, do/da traballador/a social do sistema de saúde ou do/da traballador/a social dos servizos sociais especializados, conforme o modelo de informe social aprobado pola Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 69, do 10 de abril).

g) No caso de solicitar valoración dos factores económicos no marco da valoración social, deberase presentar:

– Certificado de convivencia da unidade familiar.

– No caso de solicitantes desempregados, tarxeta de demandante de emprego, no caso de que non se autorice o acceso aos datos sobre demanda de emprego que figuran en poder da Administración autonómica.

– Xustificante de ingresos da persoa interesada e convivintes. A solicitude considerará a autorización da persoa solicitante e, de ser o caso, a das persoas que convivan con ela, para que a xefatura territorial da consellería competente en materia de servizos sociais realice as consultas aos arquivos públicos que consten en poder das distintas administracións públicas para os efectos de verificar os datos declarados sobre a situación económica, caso en que non deberán presentar documentación xustificativa neste sentido.

– Xustificantes de gastos de vivenda (alugueiro, amortización primeira vivenda, desafiuzamento, eliminación de barreiras arquitectónicas), e de gastos extraordinarios de carácter prolongado (educativos, sanitarios e outros).

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.



3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, o modelo de solicitude inclúe autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán presentarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos no artigo precedente.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, a persoa interesada poderá acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 14. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Xestión de servizos sociais» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, can-



celación e oposición poderanse exercer ante o citado órgano, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.es.

Artigo 15. *Emenda de solicitudes*

Unha vez examinada a solicitude polo órgano da xefatura territorial da consellería competente en materia de servizos sociais, se esta non reúne os requisitos exixidos ou non vai acompañada da documentación necesaria, segundo se establece no artigo 12 desta orde, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á recepción da notificación do requirimento, emende a falta ou presente os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 16. *Orde de prelación na tramitación dos procedementos*

1. Os procedementos iniciaranse por orde de entrada. Cando o órgano da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente motivadas, poderá alterar esta orde.

2. Non obstante o disposto no punto anterior daráselles prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas:

– Acceso ao emprego e a ensinanza regradas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade.

– Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos.

– Menores de 18 anos.

– Maiores de 90 anos.

– Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo.

– Caducidade da valoración do grao de discapacidade.



– Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Sección 3ª. Competencia e Instrución do procedemento

Artigo 17. Competencia do procedemento

1. Serán competentes para instruír e resolver o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade a persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais da provincia onde a persoa interesada teña a súa residencia habitual.

2. De terse coñecemento da existencia de dous ou máis expedientes en fase de tramitación a nome dunha mesma persoa solicitante e instruídos por distintas xefaturas territoriais, resolverase por aquela xefatura territorial que segundo o indicado no punto anterior teña competencia para a tramitación do expediente. A xefatura territorial que non sexa competente remitirá o expediente á que deba resolver, comunicándollo á persoa interesada.

3. Se á persoa interesada reside no estranxeiro, a competencia para o exercicio de tales funcións corresponderá á xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais daquela provincia en que a persoa interesada acredite ou alegue ter o último domicilio habitual no territorio español, ou o que tivesen os seus ascendentes.

Artigo 18. Citación

1. O órgano de valoración e asesoramento da discapacidade da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais, unha vez completada a documentación, comunicará á persoa interesada o día, a franxa horaria e o lugar en que se realizará o recoñecemento.

2. Cando a persoa interesada amose a súa conformidade na solicitude e as circunstancias técnicas o fagan posible, poderá ser citado por medios telemáticos ou electrónicos.

3. Cando se produza a paralización do procedemento, por causa imputable á persoa interesada que impida realizar o recoñecemento a que se refire o punto primeiro, advertiráselle que transcorridos tres meses se producirá a caducidade deste e o arquivamento das



actuacións practicadas, de acordo co establecido no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, salvo causa de forza maior debidamente acreditada.

4. Se no momento da citación existen condicións de saúde obxectivamente motivadas que impidan o recoñecemento da persoa interesada, suspenderase a tramitación do expediente ata que se dean as circunstancias que posibiliten a valoración e así o inste a persoa interesada.

Artigo 19. *Recoñecemento e ditame de cualificación do grao de discapacidade*

1. A cualificación do grao de discapacidade levarase a cabo mediante o recoñecemento da persoa interesada polo persoal técnico de valoración, segundo o procedemento de citacións indicado no artigo anterior.

2. A persoa titular da xefatura de sección que corresponda realizará labores de coordinación e determinará o perfil do persoal técnico de valoración necesario para levar a cabo o recoñecemento da persoa interesada en función das súas características clínicas.

3. Cando á vista dos informes médicos ou psicolóxicos que avalen as deficiencias alegadas se poida determinar claramente que as características clínicas da persoa interesada non implican o recoñecemento de ningún grao de discapacidade, darase traslado directamente ao órgano de valoración e asesoramento da discapacidade que poderá propoñer directamente a desestimación da solicitude presentada.

4. Cando as características clínicas da persoa interesada o aconsellen ou resulte imposible ou insuficiente a achega de informes médicos e/o psicolóxicos, o/a técnico valorador/a poderá solicitar outros informes e a práctica de probas e exploracións complementarias por parte de centros e institucións sanitarias.

5. Finalizados o recoñecemento e informes pertinentes, o/a técnico de valoración procederá a dar traslado do expediente ao órgano de valoración e asesoramento da discapacidade que emitirá o ditame técnico facultativo.

6. O órgano superior con competencias en materia de discapacidade establecerá o procedemento polo que, con base nas circunstancias especiais da persoa interesada, o órgano técnico de valoración poida formular o seu ditame en virtude dos informes médicos, psicolóxicos ou, se é o caso, sociais, emitidos por persoal profesional autorizado, sen recoñecemento directo do persoal técnico de valoración.



Artigo 20. Valoración conxunta

No suposto de que a persoa interesada solicite simultaneamente o recoñecemento do grao de discapacidade e o recoñecemento do grao de dependencia terá dereito a que se acorde nun só acto o trámite do seu recoñecemento. A xefatura territorial correspondente impulsará de oficio a realización simultánea da valoración da persoa interesada.

Artigo 21. Contido do ditame

O ditame técnico facultativo será formulado polo órgano de valoración e asesoramento de acordo cos criterios e baremos previstos na normativa de aplicación e conforme os modelos normalizados, e deberá conter a seguinte información:

1. Datos identificativos da persoa interesada.
2. Deficiencias, diagnósticos e etioloxías.
3. Porcentaxe parcial correspondente a cada tipo de discapacidade. Cando coexistan dúas ou máis deficiencias nunha mesma persoa, aplicarase a táboa de valores combinados prevista ao final do anexo 1A do Real decreto 1971/1999.
4. Resultado da combinación das porcentaxes obtidas por deficiencias de distintos aparellos ou sistemas.
5. Porcentaxe dos factores sociais complementarios.
6. Porcentaxe total de discapacidade.
7. Resultado dos baremos de dificultades de mobilidade para utilizar transportes públicos colectivos, cumprimento dos requisitos para o acceso á tarxeta de accesibilidade e de necesidade de axuda de terceira persoa.
8. Recomendacións do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade sobre utilización de apoios e orientación.
9. Prazo de validez do ditame.



*Sección 4ª. Terminación**Artigo 22. Resolución*

1. A persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais ditará a correspondente resolución administrativa sobre o recoñecemento do grao de discapacidade, así como se procede sobre a puntuación obtida nos baremos para determinar a necesidade do concurso doutra persoa ou dificultades de mobilidade.

2. O prazo máximo para resolver, establecido no artigo 8 desta orde, poderá ser ampliado pola xefatura territorial, segundo o disposto no artigo 42.6º da Lei 30/1992, cando polo número de solicitudes formuladas ou polas outras circunstancias que expresamente se determinen no acordo de ampliación non se poida cumprir razoablemente o prazo previsto.

3. O recoñecemento do grao de discapacidade entenderase referido á data de presentación da solicitude. Na resolución deberá figurar expresamente a data en que deba ter lugar a revisión, salvo que sexa definitivo.

Artigo 23. Limitación temporal para formular unha nova solicitude

As resolucións denegatorias por non recoñecerse ningún grao de discapacidade ou un grao de discapacidade inferior ao 33 %, levará consigo a limitación temporal de dous anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade a dito período, se acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que a súa situación clínica variou substancialmente.

Artigo 24. Reclamacións

1. Contra a resolución do recoñecemento do grao de discapacidade a persoa interesada poderá interpoñer, dentro dos trinta días seguintes ao da súa notificación, reclamación previa á vía xurisdiccional social, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, de xurisdición social, ante a mesma xefatura territorial provincial que ditou o acto, a cal deberá resolver no prazo de 45 días.

2. Presentada a reclamación previa contra a resolución ditada, cando nela se discrepe da resolución en aspectos que afecten o ditame técnico facultativo do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade, e con independencia das actuacións procedentes para comprobar as alegacións da persoa reclamante, o escrito de reclamación pasarase a coñecemento e informe do dito órgano.



Sección 5ª. Procedemento en supostos especiais

Artigo 25. Recoñecemento do grao de discapacidade a persoas de nacionalidade española residentes no estranxeiro

1. Ao recoñecemento do grao de discapacidade a persoas de nacionalidade española residentes no estranxeiro, que tivesen a súa última residencia en España nun municipio da Comunidade Autónoma, aplicaráselle o procedemento xeral coas particularidades que se recollen neste artigo.

2. Unha vez recibida a primeira comunicación da persoa interesada remitiráselle ao seu domicilio o impreso oficial de solicitude do grao de discapacidade, para que cubra, asine e envíe posteriormente á xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais daquela provincia en que a persoa interesada acredite ou alegue que tivo o último domicilio habitual no territorio español ou que o tivesen as súas persoas ascendentes. Non obstante, para todos os efectos administrativos, a data de referencia será a do rexistro de entrada da súa primeira comunicación.

3. Ademais da documentación precisada no procedemento xeral, a persoa interesada deberá acreditar que a súa última residencia en España foi dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación oficial acreditativa de identidade pode ser substituída por fotocopia compulsada polo Consulado Español. A residencia pode ser acreditada mediante a fotocopia do documento nacional de identidade compulsada polo Consulado Español ou mediante certificación do Consulado.

4. O órgano de valoración e asesoramento da discapacidade realizará o seu labor, sen necesidade do recoñecemento, en virtude dos datos que figuren nos informes presentados, facéndose constar esta circunstancia nos correspondentes ditames, resolucións e certificacións. No suposto de que a documentación recibida non conteña datos suficientes para valorar o grao de discapacidade, o órgano de valoración e asesoramento poderá solicitar a súa ampliación, para o cal concretará na petición aqueles aspectos sobre os cales é absolutamente necesario dispor de maior información para efectos da valoración do grao de discapacidade da persoa solicitante.

Artigo 26. Recoñecemento do grao de discapacidade a persoas estranxeiras residentes en Galicia

1. Ao recoñecemento do grao de discapacidade a persoas estranxeiras residentes en Galicia aplicaráselle o procedemento xeral coas particularidades que se recollen neste artigo.



2. As persoas solicitantes terán que acreditar que foron autorizadas para residir en España conforme a normativa estatal sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras. Deberán acreditar igualmente que tal residencia ten lugar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 27. *Falecemento da persoa solicitante*

De producirse o falecemento da persoa interesada durante a tramitación do expediente de valoración, emitírase un ditame en virtude dos datos contidos nel, para efectos dos dereitos que poidan corresponder á comunidade hereditaria, sempre e cando os datos fosen suficientes para resolver. Se os datos non son suficientes procederáse ao arquivamento do expediente por imposibilidade material de continuo por causas sobrevidas.

CAPÍTULO III

Revisión da cualificación do grao de discapacidade

Artigo 28. *Revisión*

1. As revisións do grao de discapacidade poderán efectuarse por instancia de parte ou de oficio pola propia Administración.

2. Na revisión por instancia de parte, por agravamento ou melloría, é requisito necesario que a persoa interesada acredite esta situación a través dos correspondentes informes médicos ou psicolóxicos, e que transcorresen dous anos desde a data da resolución pola que se recoñeceu o grao de discapacidade. Excepcionalmente, non será necesario que transcorresen dous anos para presentar unha solicitude de revisión nos supostos de erro de diagnóstico ou cando o órgano de valoración e asesoramento da discapacidade determine, mediante a documentación achegada, cambios substanciais na cualificación do grao.

3. No caso de non existir circunstancias debidamente acreditadas e xustificadas que permitan proceder á revisión solicitada, o órgano de valoración e asesoramento da discapacidade emitirá un ditame técnico en que propondrá a desestimación da solicitude de revisión. O ditame elevarase á persoa titular da xefatura territorial da consellería con competencia en materia de servizos sociais que ditará resolución denegatoria da revisión.

4. Sen prexuízo das revisións previstas nos artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, poderá revisarse de oficio o grao de discapacidade:

a) Cando se produza o cumprimento do prazo de validez establecido na resolución, no caso de que o grao de discapacidade fose recoñecido co carácter provisional.



b) Cando o órgano de valoración e asesoramento da discapacidade teña coñecemento pola documentación achegada pola persoa interesada, como consecuencia da emisión de informes para a tramitación de expedientes de acceso ou mantemento das condicións de calquera das diferentes prestacións ou servizos a que ten dereito, que as circunstancias polas que se lle asignou o grao variaron substancialmente.

5. Será de aplicación ao procedemento de revisión as normas establecidas na presente orde para o recoñecemento do grao de discapacidade.

Disposición adicional primeira. *Acceso á historia clínica*

1. Os/as técnicos de valoración da discapacidade poderán consultar a información contida na historia clínica electrónica no exercicio das funcións e competencias que teñen recoñecidas, sempre que a persoa interesada preste o seu consentimento de forma expresa para este acceso. O dito acceso debe respectar, en todo caso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o regulamento que a desenvolve.

2. O modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa por parte da persoa interesada ao órgano xestor para o acceso á historia clínica electrónica. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegar os informes médicos ou psicolóxicos que avalen as deficiencias alegadas segundo o disposto no artigo 12.1.e) desta orde.

3. O sistema IANUS permitirá o acceso á información contida na historia clínica electrónica ao persoal técnico de valoración da discapacidade. O acceso mencionado estará restrinxido aos datos imprescindibles para o exercicio das súas funcións en relación co seu posto de traballo, e respectará o dereito á intimidade persoal e familiar dos/das pacientes ou usuarios/as e o disposto no Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Disposición adicional segunda. *Coordinación de procedementos*

1. Para efectos de garantir a máxima celeridade da tramitación dos procedementos así como unha xestión eficiente deles, os sistemas de xestión do procedemento para o recoñecemento do grao de discapacidade (BS611A) e para o recoñecemento do grao de dependencia (BS210A) deberán estar integrados para compartir a información necesaria na tramitación de ambos os procedementos, en particular a información relativa ao informe



social unificado, información económica da persoa solicitante e das persoas que convivan con ela, información de empadramento e convivencia, informe de saúde, baremo establecido normativamente para o recoñecemento do grao de dependencia así como para a valoración da necesidade de terceira persoa.

2. Para garantir o disposto no artigo 20 desta orde impulsando de oficio a realización simultánea do recoñecemento, nomearase unha persoa coordinadora de citas conxuntas entre o persoal da xefatura territorial correspondente do servizo de dependencia e promoción da autonomía persoal.

3. Os equipos técnicos de valoración da dependencia, constituídos segundo o establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, poderán exercer as funcións que se atribúen pola presente orde aos órganos de valoración e asesoramento da discapacidade para os casos e procedementos que lle sexan asignados polo órgano superior con competencias na área de valoración da dependencia, segundo o establecido polo decreto que regule a estrutura da consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Disposición adicional terceira. *Adaptación dos formularios á normativa vixente*

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no *Diario Oficial de Galicia*, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes. Por conseguinte, para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 29 de decembro de 2000 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade (DOG núm. 16, do 23 de xaneiro de 2001), e cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan a esta orde.



Disposición derradeira primeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda

Facúltase o órgano de dirección con competencias en materia de discapacidade para ditar as normas de desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO RECOÑECEMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS611A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

Nº DE EXPEDIENTE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATA DE NACEMENTO SEXO Home Muller NACIONALIDADE

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

TEN SEGURIDADE SOCIAL SI NON CONDICIÓN TITULAR BENEFICIARIA Nº DA SEGURIDADE SOCIAL

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE TRABALLADOR/A SOCIAL REPRESENTANTE

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE


TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA DISCAPACIDADE QUE ALEGA A PERSOA SOLICITANTE

A DOENZA QUE ALEGA É Física Intelectual Mental Sensorial Enfermidade rara

TEN XA RECOÑECIDO O GRAO DE DISCAPACIDADE SI NON EN CASO AFIRMATIVO INDIQUE PORCENTAXE PROVINCIA DATA DO RECOÑECEMENTO

TEN RECOÑECIDA PENSIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL DE INCAPACIDADE PERMANENTE (TOTAL, ABSOLUTA OU GRANDE INVALIDEZ) OU PENSIÓN DE CLASES PASIVAS DE XUBILACIÓN OU DE RETIRO POR IP PARA O SERVIZO OU INUTILIDADE SI NON EN CASO AFIRMATIVO INDIQUE DATA ORGANISMO DECLARANTE

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: 9j210i31-eja1-ats0-ujx3-v1nwwaj3a0v9



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

MOTIVO DA SOLICITUDE

- Valoración inicial
 Dificultades de mobilidade
 Necesidade de asistencia de terceira persoa

REVISIÓN POR

- Caducidade
 Agravamento
 Melloría

Motivo de urxencia polo que solicita o recoñecemento do grao de discapacidade. Imprescindible a súa xustificación de forma documental (marcar o que proceda).

- Acceso ao emprego e ás ensinanzas regradas onde exista reserva de praza para persoas con discapacidade
 Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos
 Menores de 18 anos
 Maiores de 90 anos
 PNC/Prestación por fillo/a a cargo, condicionado ao cumprimento previo dos demais requisitos exixibles
 Caducidade da valoración do grao de discapacidade
 Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, sobre violencia de xénero

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Anexo II (autorización de representación), cando proceda
 Anexo III (autorización á presentación electrónica da solicitude e demais documentación por parte do/da traballador/a social), cando proceda
 Anexo IV (informe de condicións de saúde)
 Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade
 No caso de persoas solicitantes menores de idade, copia do libro de familia, se non ten DNI
 Certificado de empadramento da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de residencia
 Certificado do recoñecemento da situación de discapacidade, no caso de solicitudes de revisión en que o recoñecemento inicial fose realizado noutra comunidade autónoma

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> No caso de persoa solicitante estranxeira, copia da tarxeta de residente	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, copia dos informes médicos dos especialistas ou psicolóxicos complementarios ao anexo IV que avalen as deficiencias alegadas. No caso de revisión por agravamento ou melloría, copia dos informes que acrediten o dito agravamento ou melloría. Esta documentación non será preciso presentala no caso de que se autorice a consulta dos datos da historia clínica	<input type="checkbox"/>			
No caso de solicitar valoración dos factores sociais complementarios				
<input type="checkbox"/> Informe social emitido polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante e, se é o caso, do/da traballador/a social do sistema de saúde ou do/da traballador/a social dos servizos sociais especializados, conforme o modelo de informe social aprobado pola Orde do 1 de abril de 2013 (DOG nº 69, do 10 de abril)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado de convivencia da unidade familiar	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Tarxeta de demandante de emprego no caso de persoas solicitantes desempregadas, só no caso de non autorizar o acceso á consulta de datos sobre demanda de emprego	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Xustificantes de ingresos da persoa interesada e convivintes, só no caso de non autorizar a súa consulta a través dos servizos de interoperabilidade correspondentes (Administración tributaria, Seguridade Social e Administración autonómica)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Xustificantes de gastos de vivenda (alugueiro, amortización primeira vivenda, desafiuzamento, eliminación de barreiras arquitectónicas)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Xustificantes de gastos extraordinarios de carácter prolongado (educativos, sanitarios, outros)	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

CVE-DOG: 9j210i31-eja1-ats0-ujx3-v1nwwaj3a0v9



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de carácter tributario que figuran en poder da Axencia Estatal da Administración Tributaria, de conformidade co artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de pensións que figuran en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social, de conformidade co artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de prestacións sociais que figuran en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de historia clínica que figuran en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia para consultar os datos de demanda de emprego que figuran en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.es


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.
- Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xefatura Territorial da Consellería de Política Social

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO II

AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AUTORIZO A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Para que exerza a miña representación ante a Xunta de Galicia para a tramitación do procedemento:			
CÓDIGO	DESCRICIÓN PROCEDEMENTO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

Mediante a sinatura do presente documento, o/a solicitante concede a súa representación para a tramitación do procedemento sinalado e a persoa autorizada acepta a súa representación, respondendo ambas da autenticidade da sinatura.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE	SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA
Lugar e data	
<input type="text"/>	, <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



CVE-DOG: 9j210i31-eja1-ats0-ujx3-v1nvwaj3a0v9



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**AUTORIZACIÓN Á PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DA SOLICITUDE E DE MAIS DOCUMENTACIÓN POR PARTE DO/DA
TRABALLADOR/A SOCIAL DE REFERENCIA****DATOS DA PERSOA QUE AUTORIZA**NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

 SOLICITANTE REPRESENTANTE**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

Que autorizo expresamente para a presentación electrónica da solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade (B5611A), así como para a presentación da demais documentación necesaria derivada desta actuación en canto a emendar ou presentar os documentos preceptivos e demais documentación complementaria que se considere para o efecto, por parte do/da traballador/a social de referencia

D./Dna. con nº de colexiado/a en nome de D./Dna.

como solicitante do recoñecemento do grao de discapacidade segundo o procedemento regulado pola Orde do 25 de novembro de 2015.

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados nesta solicitude así como na documentación que a acompaña.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO IV

INFORME DE CONDICIÓN DE SAÚDE

1. Solicitante (pódese substituír por etiqueta autoadhesiva)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATA DE NACEMENTO IDADE MOTIVO DO INFORME
 Solicitude inicial de recoñecemento Revisión do recoñecemento

2. No caso de nenos entre 0 e 6 meses, indique (caso afirmativo, obrigado cumprimento)

PESO NO MOMENTO DE NACER EN GRAMOS
 Menos de 1.100 g. Entre 1.100 y 1.500 g. >1.500 y <2.200 g. Máis de 2.200 g.

3. Indique os diagnósticos* das enfermidades, trastornos ou outras condicións de saúde, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou problemas relacionados co desenvolvemento, de carácter permanente, prolongado, crónico ou de longa duración

	DIAGNÓSTICO (obrigado cumprimento)	DATA DIAGNÓSTICO (obrigado cumprimento)	CODIFICACIÓN		FASE EVOLUTIVA
			CLASIFICACIÓN	CÓDIGO	
Demencias e enfermidades neurodexenerativas					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
Limitacións sensoriais e afectación da capacidade perceptivo-cognitiva					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
Patoloxía traumática					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
Trastornos graves do comportamento					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
Atraso mental/enfermidade mental/deterioración cognitiva					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
Outras patoloxías (sistema nervioso, osteomusculares, aparello respiratorio, cardiovascular, xenéticas, infecciosas, etc.)					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica
					<input type="radio"/> Aguda <input type="radio"/> Crónica

* Poderá presentar informes médicos que complementen o modelo normalizado.

4. Indique os tratamentos actuais, medidas de soporte funcional, axudas técnicas, ortoses e próteses prescritos (obrigado cumprimento)

Farmacolóxicos Hixiénico/dietético

Psicoterapéutico Indicacións médicas de soporte terapéutico, funcional e/ou produtos de apoio

Rehabilitador Recibe Esgotadas as posibilidades terapéuticas e/ou rehabilitadoras
 Non recibe Non esgotadas as posibilidades terapéuticas e/ou rehabilitadoras

Outros

CVE-DOG: 9j210i31-eja1-ats0-ujx3-v1nvwaj3a0v9



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO IV
(continuación)

5. Indique as medidas de soporte funcional, soporte terapéutico e axudas técnicas que ten prescritas
(obrigado cumprimento)

- Osixenoterapia Soroterapia Nutrición enteral por SNG/PEG Nutrición parental
 S. vesical Ostomías Absorbentes Próteses/ortoses
 Andador Cadeira de rodas Suxeición mecánica
 Outros

6. Indique se existe necesidade de apoio para as actividades de autocoidado (obrigado cumprimento)

- Leve Moderada Grave

7. Indique se, entre as patoloxías descritas, algunha delas cursa en brotes (obrigado cumprimento)

PATOLOXÍA	FRECUENCIA NO ÚLTIMO ANO	ÚLTIMO BROTE

8. Indique se a persoa se pode trasladar fóra do domicilio

- Si Non

9. Identificación do/da profesional que emite o informe (obrigado cumprimento)

NOME E APELIDOS	DATA DO INFORME
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ORGANISMO/CENTRO DE SAÚDE	Nº COLEXIADO/A
<input type="text"/>	<input type="text"/>

SINATURA DO/DA PROFESIONAL

SELO

Lugar e data , de de






ANEXO V
INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Antes de escribir, lea atentamente as partes da solicitude.

- Escriba con claridade e con letras maiúsculas.
- Presente coa solicitude todos os documentos indicados, ou ben as autorizacións correspondentes para a consulta dos datos, así evitará atrasos innecesarios.

I. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE
1.- DATOS PERSOAIS

- Neste punto consignaranse todos os datos persoais do interesado. Se vostede ten dobre nacionalidade, indique as dúas na parte correspondente.
- No caso de ser persoa estranxeira residente en España, escriba o número de residente no punto NIE.
- Deberase reflectir o domicilio habitual da persoa solicitante tendo en conta que é o que se tomará como referencia para efectos de practicar as notificacións oportunas.

1.1.- REPRESENTACIÓN

- Este punto cubrirase unicamente cando a solicitude sexa asinada por persoa distinta do interesado, que teña a condición de representante. No suposto de que a persoa que actúa en calidade de representante non sexa o representante legal, deberase achegar o anexo II cuberto.

2.- DATOS DA DISCAPACIDADE

- Indique o tipo ou tipos de discapacidade que alega.
- Se a vostede se lle recoñeceu con anterioridade un grao de discapacidade, indique a porcentaxe, a provincia na cal se lle recoñeceu e a data do recoñecemento.
- Se solicita a revisión e o recoñecemento inicial foi emitido por outra comunidade autónoma, deberá presentar fotocopia compulsada do certificado.

3.- MOTIVO DA SOLICITUDE

- Marque cun X o motivo polo que solicita o recoñecemento.
- Para que se inicie unha revisión por empeoramento ou melloría deberá presentar os informes médicos ou psicolóxicos que acrediten que se produciu unha variación substancial da súa situación respecto da valoración inicialmente realizada.

3.1.- MOTIVO DE URXENCIA POLO QUE SOLICITA O RECOÑECIMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE

- En caso de que proceda, marque cun X o motivo de urxencia correspondente e presente a xustificación de forma documental para os efectos de ser considerada a súa solicitude de valoración como prioritaria.

4.- AUTORIZACIÓNS.

- A persoa interesada, ou quen a represente, poderá autorizar a xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais para o acceso ás verificacións e consultas dos ficheiros públicos, necesarias para acreditar os datos declarados que consten en poder das distintas administracións públicas competentes. No caso de non autorizar, deberá achegar a documentación sinalada.
- No suposto en que esta solicitude se presente por medio do/da traballador/a social a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberase achegar o anexo III.

UNIDADES ADMINISTRATIVAS COMPETENTES PARA A TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES SEGUNDO AS ÁREAS DE INFLUENCIA:
ÁREAS XEOGRÁFICAS DE ATENCIÓN DAS SECCIÓNS DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES
PROVINCIA DA CORUÑA
SECCIÓN DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES: A CORUÑA

Enderezo: Edificio Administrativo, ala sur de Monelos, praza Luis Seoane, s/n, 15008 A Coruña

Área xeográfica de atención:

Concellos

ABEGONDO	CARNOTA	FISTERRA	NEGREIRA	RIBEIRA
ARANGA	CARRAL	FRADES	OLEIROS	SADA
ARTEIXO	CEE	IRIXOA	ORDES	SANTA COMBA
ARZÚA	CERCEDA	LAXE	OROSO	SANTISO
BERGONDO	CESURAS	LARACHA (A)	OUTES	SOBRADO
BETANZOS	COIRÓS	MALPICA DE BERGANTIÑOS	OZA DOS RÍOS	TOQUES
BOJORTO	CORCUBIÓN	MAZARICOS	PADERNE	TORDOIA
BOIRO	CORISTANCO	MELIDE	PINO (O)	TOURO
CABANA DE BERGANTIÑOS	CORUÑA (A)	MESÍA	POBRA DO CARAMIÑAL (A)	TRAZO
CAMARIÑAS	CULLEREDO	MIÑO	PONTECESO	VAL DO DUBRA
CAMBRE	CURTIS	MUROS	PORTO DO SON	VILASANTAR
CARBALLO	DUMBRÍA	MUXÍA	RIANXO	VIMIANZO
				ZAS



OFICINA INTEGRADA DE DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE: FERROL

Enderezo: Edificio Administrativo, praza Camilo José Cela, s/n, 3º andar, 15403 Ferrol

Área xeográfica de atención:

Concellos

ARES	CEDEIRA	MAÑÓN	NARÓN	PONTES DE G. R. (AS)
CABANAS	CERDIDO	MOECHE	NEDA	SAN SADURNINO
CAPELA (A)	FENE	MONFERO	ORTIGUEIRA	SOMOZAS (AS)
CARIÑO	FERROL	MUGARDOS	PONTEDEUME	VALDOVINO
				VILARMAIOR

OFICINA INTEGRADA DE DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Enderezo: praza de Europa, 10 A, 2º andar, Área Central, 15707 Santiago de Compostela

Área xeográfica de atención:

Concellos

AMES	BOQUEIXÓN	DODRO	NOIA	ROIS	TEO
BAÑA (A)	BRIÓN	LOUSAME	PADRÓN	SANTIAGO DE C.	VEDRA

PROVINCIA DE LUGO
SECCIÓN DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES DE LUGO:

Enderezo: rúa Serra dos Ancares, 68 baixo, 27003 Lugo

Área xeográfica de atención: toda a provincia.

PROVINCIA DE OURENSE
SECCIÓN DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES DE OURENSE:

Enderezo: rúa Sáenz Díez, 33 baixo, 32003 Ourense

Área xeográfica de atención: toda a provincia.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
SECCIÓN DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES DE PONTEVEDRA:

Enderezo: avda. de Vigo, 16 baixo, 36003 Pontevedra

Área xeográfica de atención:

Concellos

AGOLADA	CERDEDO	ILLA DE AROUSA (A)	POIO	SANXENXO
BARRO	COTOBADÉ	LALÍN	PONTE CALDELAS	SILLEDA
BUEU	CUNTIS	LAMA (A)	PONTECESURES	SOUTOMAIOR
CALDAS DE REIS	DOZÓN	MARÍN	PONTEVEDRA	VALGA
CAMBADOS	ESTRADA (A)	MEAÑO	PORTAS	VILABOA
CAMPO LAMEIRO	FORCAREI	MEIS	RIBADUMIA	VILA DE CRUCES
CATOIRA	GROVE (O)	MORAÑA	RODEIRO	VILAGARCÍA DE AROUSA
				VILANOVA DE AROUSA

SECCIÓN DE CUALIFICACIÓN E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADES DE VIGO:

Enderezo: rúa Conde de Torrecedeira, 99 baixo, 36202 Vigo

Área xeográfica de atención:

Concellos

ARBO	CRECENTE	MONDARIZ	OIA	ROSAL (O)
BAIONA	FORNELOS DE MONTES	MONDARIZ BALNEARIO	PAZOS DE BORBÉN	SALCEDA DE CASELAS
CANGAS	GONDOMAR	MOS	PONTEAREAS	SALVATERRA DO MIÑO
CAÑIZA (A)	GUARDA (A)	NEVES (AS)	PORRIÑO (O)	TOMIÑO
COVELO (O)	MOANA	NIGRÁN	REDONDELA	TUI
				VIGO

